

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 21, de 14 de marzo de 2019

No día da data e baixo a presidencia do Sr. Decano, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a seguir se relacionan:

Brao Viña, Ana; Candia Durán, Francisco Xosé; Díaz Rodríguez, Carmen; Fiuza Asorey, María José; Garrido Filgueira, Uxía; López Gómez, Santiago; López Rúa, Paula; Poncet Souto, Marta; Rodríguez Lestegás, Francisco; Rodríguez Neira, Modesto Anibal; Viña Rouuco, M^a Mar.

Desculparon a súa ausencia os seguintes membros:

Aznar Cuadrado, Virginia; García Marín, Pablo; Iglesias Souto, Patricia; Navarro Patón, Rubén; Otero Urtaza, Eugenio; Veiga Alonso, Xosé Ramón.

Día: 14 de marzo de 2019

Hora: 11:00 horas

Lugar: Sala de Xuntas

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe anual de seguimento (2017-2018) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.
3. Informe anual de seguimento (2017-2018) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.
4. Informe anual de seguimento (2017-2018) do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.
5. Informe de renovación da acreditación do título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.
6. Peticións e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase por asentimento a acta número 20, correspondente á sesión celebrada o 26 de xuño de 2018.

2. Informe anual de seguimiento (2017-2018) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.

A comisión aprobou o Informe de seguimento previamente debatido e elaborado pola comisión de título, de acordo co especificado na guía para o seguimento de títulos oficiais de grao e máster e seguindo o modelo facilitado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC. O Informe de seguimento consta dos apartados que a seguir se relacionan.

1. Datos da universidade e do título

2. Cumprimento do proxecto establecido: inclúe a reflexión e os comentarios sobre a valoración que merece cada un dos criterios que se avalían.

- Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos
 - Criterio 4. Recursos humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados
 - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

3. Listaxe de evidencias e indicadores: algunhas xa figuran no autoinforme a propósito dos distintos criterios e outras achégaas a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Xúntanse ao autoinforme a E5 (actas das reunións celebradas durante os dous últimos cursos pola Comisión de Título e pola Comisión de Calidade), a E6 (listaxe dos alumnos que solicitaron recoñecementos) e a E24 (listaxe de TFG dos dous últimos cursos académicos).

4. Modificacións do plan de estudos

5. Plan de melloras do título: revisase o cumprimento das accións de mellora do título 2017-2018 e propóñense as seguintes accións de mellora para o curso 2018-2019:

- 1) Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum, garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6, buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum ao profesorado idóneo, mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros.
- 2) Elaborar a guía ou plan xeral do Prácticum.
- 3) Establecer contacto cos titores externos durante a estadía do alumnado nos centros de prácticas.
- 4) Informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios subscritos polos dous centros.
- 5) Recoller incidencias sobre problemas de coordinación docente no caso de materias compartidas entre varios profesores, e trasladar estas incidencias aos departamentos correspondentes.
- 6) Elaboración de instrumentos para a recollida de información do alumnado sobre as súas necesidades de titorización e orientación, e deseño de actuacións en relación cos datos conseguidos.

Esta proposta está pendente de aprobación por parte da Comisión de Coordinación Intercentros.

3. Informe anual de seguimiento (2017-2018) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.

A comisión aprobou o Informe de seguimento previamente debatido e elaborado pola comisión de título, de acordo co especificado na guía para o seguimento de títulos oficiais de grao e máster e seguindo o modelo facilitado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC. O Informe de seguimento consta dos apartados que a seguir se relacionan.

1. Datos da universidade e do título

2. Cumprimento do proxecto establecido: inclúe a reflexión e os comentarios sobre a valoración que merece cada un dos criterios que se avalían.

- Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos
 - Criterio 4. Recursos humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados
 - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

3. Listaxe de evidencias e indicadores: algunhas xa figuran no autoinforme a propósito dos distintos criterios e outras achégaas a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Xúntanse ao autoinforme a E5 (actas das reunións celebradas durante os dous últimos cursos pola Comisión de Título e pola Comisión de Calidade), a E6 (listaxe dos alumnos que solicitaron recoñecementos) e a E24 (listaxe de TFG dos dous últimos cursos académicos).

4. Modificacións do plan de estudos

5. Plan de melloras do título: revísase o cumprimento das accións de mellora do título 2017-2018 e propóñense as seguintes accións de mellora para o curso 2018-2019:

- 1) Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum, buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum ao profesorado idóneo, mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros.
- 2) Elaborar a guía ou plan xeral do Prácticum.
- 3) Establecer contacto cos titores externos durante a estadía do alumnado nos centros de prácticas.
- 4) Informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios subscritos polos dous centros.
- 5) Recoller incidencias sobre problemas de coordinación docente no caso de materias compartidas entre varios profesores, e trasladar estas incidencias aos departamentos correspondentes.
- 6) Elaboración de instrumentos para a recollida de información do alumnado sobre as súas necesidades de titorización e orientación, e deseño de actuacións en relación cos datos conseguidos.

Esta proposta está pendente de aprobación por parte da Comisión de Coordinación Intercentros.

4. Informe anual de seguimento (2017-2018) do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

A comisión aprobou o Informe de seguimento previamente debatido e elaborado pola comisión de título, de acordo co especificado na guía para o seguimento de títulos oficiais de grao e máster e seguindo o modelo facilitado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC. O Informe de seguimento consta dos apartados que a seguir se relacionan.

1. Datos da universidade e do título

2. Cumprimento do proxecto establecido: inclúe a reflexión e os comentarios sobre a valoración que merece cada un dos criterios que se avalían.

- Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos
 - Criterio 4. Recursos humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados
 - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

3. Listaxe de evidencias e indicadores: algunhas xa figuran no autoinforme a propósito dos distintos criterios e outras achégaas a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Xúntanse ao autoinforme a E5 (actas das reunións celebradas durante os dous últimos cursos pola Comisión Académica/Comisión de Título e pola Comisión de Calidade), a E6 (listaxe dos alumnos que solicitaron recoñecementos), a E20 (listaxe de centros para a realización do Prácticum), o I11 (distribución do alumnado por centros de prácticas) e a E24 (listaxe de TFM dos dous últimos cursos académicos).

4. Modificacións do plan de estudos.

5. Plan de melloras do título: revísase o cumprimento das accións de mellora do título 2017-2018 e propóñense as seguintes accións de mellora para o curso 2018-2019:

- 1) Elaborar unha rúbrica para a cualificación do Traballo Fin de Máster.
- 2) Celebrar reunións e actividades de campo cos estudantes e docentes da Universidade de Cumbria, que desenvolven un máster similar ao DAEN, en Potes (Cantabria).
- 3) Visitar cos estudantes equipamentos de especial relevancia pola súa innovación tecnolóxica.
- 4) Organizar conferencias a cargo de destacados profesionais en temas de educación na natureza e ao aire libre.
- 5) Organizar unha conferencia a cargo dun profesional de recoñecido prestixio en materia de responsabilidade legal e riscos.
- 6) Celebrar o Día dos Bosques cunha plantación de árbores autóctonas.

5. Informe de renovación da acreditación do título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

A comisión aprobou o Informe de renovación da acreditación previamente debatido e elaborado pola comisión de título, de acordo co especificado na guía para o seguimento de títulos oficiais de grao e máster e seguindo o modelo facilitado pola

Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC. O Informe de renovación da acreditación consta dos apartados que a seguir se relacionan.

1. Datos da universidade e do título

2. Cumprimento do proxecto establecido: inclúe a reflexión e os comentarios sobre a valoración que merece cada un dos criterios que se avalían.

- Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos
 - Criterio 4. Recursos humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados
 - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

3. Listaxe de evidencias e indicadores: algunhas xa figuran no autoinforme a propósito dos distintos criterios e outras achégaas a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Xúntanse ao autoinforme a E5 (actas das reunións celebradas durante os dous últimos cursos pola Comisión Académica/Comisión de Título e pola Comisión de Calidade), a E6 (listaxe dos alumnos que solicitaron recoñecementos) e a E24 (listaxe de TFM dos dous últimos cursos académicos).

4. Modificacións do plan de estudos.

5. Plan de melloras do título: revísase o cumprimento das accións de mellora do título 2017-2018 e propóñense as seguintes accións de mellora para o curso 2018-2019:


- 1) Introducir estratexias para a inclusión da perspectiva de xénero na docencia do máster.
- 2) Identificar o alumnado pendente de titular por non ter defendido aínda o TFM e atendelo de maneira máis personalizada para reducir o seu número.
- 3) Organizar relatorios a cargo de profesionais externos.
- 4) Potenciar a oferta de cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración do TFM (BUSC e CeTA).
- 5) Revisar e delimitar os criterios de avaliación do TFM para a súa incorporación na guía docente da materia, e publicar o formato de entrega da copia do traballo aos tribunais avaliadores.
- 6) Revisar e actualizar o regulamento do TFM consonte a normativa da USC.

6. Peticións e preguntas.

Non houbo.


Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 11:45 horas.

A secretaria,



Mª del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o presidente



Francisco Rodríguez Lestegás

**REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE.
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.**

Acta número 22, de 4 de xuño de 2019

Lugar de Celebración: Sala de Xuntas

Día: 4 de xuño de 2019

Hora: 12:00 h

ASISTENTES:

Virginia Aznar Cuadrado;

Ana María Brao Viña;

Francisco Xosé Candia Durán;

Isabel Fernández López;

Uxía Garrido Filgueira;

Santiago López Gómez;

Paula López Rúa;

Rubén Navarro Patón;

Marta María Poncet Souto;

Modesto Aníbal Rodríguez Neira;

María Carmen Sarceda Gorgoso.

ESCUSAN ASISTENCIA:

María del Carmen Caldeiro Pedreira;

Pablo García Marín,

Xosé Ramón Veiga Alonso

No día da data e baixo a presidencia da Sra. Decana, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo corresponde á seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior
2. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade do Centro correspondente ao curso 2017-2108
3. Rolda aberta de intervencións.

A presidenta da Comisión abre a sesión agradecendo o traballo feito polo anterior presidente, profesor Francisco Rodríguez Lestegás. Asemade agradece o apoio da becaria de Calidade, Silvia Lage Rivera. Indica que debido ao cambio no equipo decanal, a composición desta Comisión variará, polo que decidiu traer á actual Comisión os asuntos máis urxentes e ningunha outra cuestión que implique por en marcha accións de futuro.

1. Aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior.

A presidenta da Comisión informa que na páxina web da Facultade está colgada a última Acta da Comisión de Calidade, Acta número 21 de 14 de marzo de 2109 e pregunta se algún membro da Comisión quere facer algunha puntualización ao respecto da devandita Acta. Non habendo, apróbase por asentimento a Acta número 21 correspondente á sesión celebrada o 14 de marzo de 2019.

2. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade do Centro correspondente ao curso 2017-18.

A presidenta da Comisión informa que a Memoria enviouse por correo electrónico a todo o profesorado da Facultade para que fixese as súas achegas, suxestións, comentarios... e que non se recibiu proposta algunha de modificación ao respecto. A actual presidenta da Comisión, profesora Carmen Sarceda, indica que solicitou expresamente ao profesor Francisco Rodríguez Lestegás, anterior Presidente da Comisión, que revisase a Memoria tendo en conta a súa experiencia e longa traxectoria en temas de Calidade ao longo destes anos.

Agradece a súa colaboración. A presidenta vai indicando as suxestións feitas polo profesor Rodríguez Lestegás e vainas sometendo a consideración por parte da Comisión:

Páxina 8 da Memoria, punto 2.5. Satisfacción dos Grupos de Interese, recursos e queixas. A presidenta da Comisión indica que ao profesor Lestegás non lle parece claro como queda a redacción do segundo parágrafo que di: “Polo que se refire aos recursos presentados, ambos corresponden ao Máster en Profesorado da ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas” polo que propón cambiar a redacción por: “Polo que se refire aos recursos presentados, corresponden ambos ao Máster en Profesorado da ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas”. Os membros da Comisión, tras a solicitude dunha

nova lectura más pausada do parágrafo, entenden que pode quedar como estaba a redacción inicial.

No apartado de queixas e suxestións”, continua explicando a presidenta, o profesor Lestegás suxire modificar a redacción: “No respectivo...” por “No que respecta”. Os membros da Comisión amosáanse a favor e introdúcese a modificación ao entender que efectivamente había un erro de redacción.

Na páxina 9 onde pon: “En relación aos problemas de espazos, xa se fixo alusión nesta Memoria”, segundo o profesor Rodríguez Lestegás debería dicir: “En relación aos problemas de espazos, xa se fixo alusión a eles no punto 2.3 desta Memoria”. A Comisión amósase dacordo con esta apreciación e modifícase a redacción.

Na páxina 11 apartado 2.6. Estado do Plan de Melloras 2017-18, na Acción AM-10: Incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes Comisións, pon: “Acción non acadada” cando para el debería dicir: “executada con resultados parciais”. A Comisión acepta o cambio da primeira redacción por esta outra e incorpórase ao documento.

Seguindo coas suxestións do profesor Francisco Rodríguez Lestegás, na acción AM-11: Xestionar a creación dun departamento que agrupe o PDI pertencente aos ámbitos de coñecemento relacionados coa formación do profesorado, onde pon: “Acción non acadada” debería por: “Acción executada”. A este respecto o profesor Francisco Xosé Candia Durán propón engadir ademáis a seguinte frase: “Debateuse sobre a proposta na Facultade”. Acéptanse as dúas suxestións quedando a frase completa así: “Acción executada. Debateuse sobre a proposta na Facultade, realizouse unha consulta ao profesorado sobre o tema, non conseguíndose o número mínimo de profesores necesarios para levar a diante a proposta. Non se propón a súa continuidade para o curso 2018-19.”

Na páxina 15 no cadro onde aparece a listaxe das Accións de Mellora, na AM-01 que di: “Propoñer actividades formativas (relatorios, talleres e outras actividades desenvolvidas por profesionais externos...) en “Estado” tería que dicir: “executada” e non “en execución” tal e como aparece na Memoria. A Comisión concorda coa apreciación do profesor Rodríguez Lestegás e incorpórase esta modificación á Memoria.

Acórdase que, en adiante, utilizaráse a sigla GMEI para facer referencia ao Grao en Mestre en Educación Infantil e a GMEP para o Grao en Mestre en Educación Primaria.

Non habendo máis suxestións, a presidenta da Comisión propón para a súa aprobación a Memoria de Calidade correspondente ao curso 2017-18 coas incorporacións sinaladas. Apróbase, por asentimento, a Memoria de Calidade do curso 2017-2108.

3. Rolda aberta de intervencións

O profesor Francisco José Candia Durán pregunta quen trouxo a becaria de Calidade e cales foron as súas funcións.

Non habendo máis intervencións, a presidenta da Comisión da por rematada a sesión ás 12:35 horas.

A Secretaria

Visto e prace,
a presidenta da Comisión

Marta M^a Poncet Souto

M. Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA CARMEN SARCEDA GORGOSO, NIF 33316965Q, 22/06/2020 10:20:34.

Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARÍA PONCET SOUTO, NIF 34887768B, 22/06/2020 09:59:58.

CSV: 90EF-90B2-4EE5-9A32